



"Hai que saber deixar que a dor nos atravesese para renacer e empezar doutro xeito, máis sabias"

- [Ana G. Liste](#) venres 25, abril 2025

'Os pozos elegantes das clavículas', uns poemas escritos cun estilo directo e sen artificios que recrean imaxes da infancia feliz en paralelo ao proceso no que se vai apagando a muller que lle deu a vida

Di **María Álvarez Landesa** (Vigo, 1970) que cando chega a dor, ficamos espidas. A poeta e profesora publicou na editorial **Alvarellos** un poemario que acompaña a enfermidade terminal da súa nai, ***Os pozos elegantes das clavículas***, uns poemas escritos cun estilo directo e sen artificios que recrean imaxes da infancia feliz en paralelo ao proceso no que se vai apagando a muller que lle deu a vida. O libro –cun limiar de Míriam Ferradáns e un código QR que dá acceso á lectura dos poemas coa música de Paco Dicenta– é finalista nos [Premios Follas Novas](#), que se entregan este sábado, e sobre el conversamos coa viguesa nunha terraza fronte ao mar.

Preguntárase pola carga da condición de filla antes de abordar este poemario a raíz da enfermidade da súa nai?

O certo é que non sentín en ningún momento unha carga como tal. Si sentín unha responsabilidade e, de feito, hai algún poema no que expreso que querría ser nena outra vez, precisamente para liberarme da dor de ser adulta diante dunha realidade que é moi dura. No proceso de enfermidade da miña nai, que foi longo e duro, si que sentín esa presión, pero creo que é algo que vai da man nun proceso oncolóxico moi severo e con moita dor física. Tampouco sentín nunca ese desgaste do que se fala moitas veces polos coidados. Imaxino que o desgaste estaba dentro, pero que eu non sentía como tal. Para min o prioritario era que a miña nai estivese ben, dentro de todo o mal que estaba. Creo que o meu era un papel de facilitadora.

Cando comeza escribir estes poemas?

Os primeiros versos que escribo son *Miña nai ten cancro./ Ben sei que a sentenza /carece de lírica, / pero miña nai ten cancro*. É o primeiro que escribo nun caderno. Ao longo de todo o proceso sei que hai cousas que quero contar, momentos quero reter para despois contalos. Loxicamente, seguí escribindo unha vez que morreu miña nai, pero empecei antes.

Quería que o libro funcionase como un lugar ao que regresar para non esquecer?

Cando algo é moi duro, moi moi duro, é necesario evocar os momentos que non o son. Por iso hai moitas referencias a momentos felices da infancia. Escribín moitas veces pensando na infancia e tendo moi en conta situacións familiares, celebracións... momentos de moito calor.

Non escribín un libro terapéutico. Non fixen un libro por terapia. Só sentía a necesidade de contar o que estaba vivindo, case como un tributo á miña nai. De feito, foi algo que lle expresei a ela en vida. Daquela aínda non tiña un libro consistente, non lle podía ensinar nada, pero ela, que xa non podía falar, fixo un xesto indicando que estaba tola. Eu díxenlle que non, que ía ser un bo poemario.

Agora penso que quixen expresar esa especie de burbulla que eu sentía entre nolas dúas. Había moita máis xente presente, estaba meu pai, miña irmá, meus fillos, miñas rías, amigas e amigos... pero quería reproducir esa especie de burbulla que experimentei e esa sensación que despois chega no momento da morte de ser cigoto, é dicir, de ser un todo as dúas —miña nai e mais eu— no proceso da enfermidade. É un proceso que nos cambiou a todas as persoas que estivemos con ela.

E funcionoulle? A pesar de toda a dureza, non parece un libro do que saes derrotada, é máis como recibir unha aperta.

É un grazas, para min o libro é un 'grazas, mamá'. Un ata sempre. Grazas por todo porque tamén neste proceso aprendín moitísimo de ti. Vou ser a muller que son dende agora grazas a poder vivir contigo este proceso. Aprendeume a amar a vida incluso cando vén revirada. Tamén creo que é importante salientar que agora parece que a sociedade invita a fuxir da pena e penso que hai que saber estar triste, permitirse estar triste e saber deixar que a dor nos atravesese para renacer e empezar doutro xeito, máis sabias.

Descubriu algo sobre a súa infancia escribindo *Os pozos elegantes das clavículas*?

Non tanto descubrir, pero si que apreciei moito máis que tiveron unha infancia marabillosa. Agora que son nai diría que tiveron unha infancia chea de momentos moi sinceros e estupendos a nivel familiar. Pasaba os veráns en Liméns de acampada coa miña familia, naquel momento era *camping* libre e fago referencia a iso no poemario porque os meus fillos viaxaron e coñecen moitos sitios do estranxeiro, pero non tiveron eses momentos de familia. Era consciente dese privilexio, pero escribindo fun moito máis consciente.

Tamén descubrín que son moito máis forte do que pensaba, e igual non está ben que o diga eu, pero é moi forte acompañar nun proceso de enfermidade así e moi esixente a nivel mental. Penso que atopei as ferramentas e tiveron moita axuda, descubrín a persoas que estaban ao meu carón e souberon acompañarme.

Que fundamental é o dereito á morte digna, que parece aínda ameazado politicamente.

Cando saímos da consulta do maxilofacial preguntolle a miña nai directamente se está asustada e ela dixo que non, que non tiña ningún medo a morrer, do que tiña medo era da dor. A ela preocupáballe exclusivamente o sufrimento físico. Sempre foi unha muller moi desfrutona e unha vividora porque viviu con moitas limitacións durante moitos anos, entón, soubo desfrutar da vida. Chegado o momento ela deixou claro que tivera unha vida marabillosa e que sabía que aquí non ía quedar para sempre, así nolo escribiu cando xa non falaba. Acompañar a unha persoa así, con esa sabedoría e fortaleza, é máis doado. Penso que fun unha privilexiada por poder percorrer ese camiño xunto a ela. Miña nai optou por unha sedación voluntaria, plenamente consciente, porque entendeu que xa non había ningún tipo de volta atrás e tiña claro que quería morrer de forma digna. Entrou camiñando no Hospital Meixoeiro, onde o traballo que fai a unidade de paliativos é exquisito.

Que papel xoga a música no poemario, á parte das composicións de Paco Dicenta que acompañan ao recitado dos poemas?

Sempre que escribo escoito música. Podo escoitar a mesma canción en bucle durante moito tempo e despois xa me poño escribir, e creo que moitos poemas nacen precisamente do ritmo de cancións.

Cando pensei en engadir música aos poemas foi en parte para facelos máis accesibles, pois sei que hai moita xente que non se achega á poesía por prexuízos, ou mesmo por medo, que ao final é un medo a non entender... E como este é un poemario moi especial para min, quixen facer algo para facilitar esa parte. Contar con Paco foi un acerto porque lle enviei algúns poemas que para min eran especialmente significativos e el fixo a partir de aí unha música que me encantou.

O feito de formar parte das [Comadres das Letras](#) fai que a lectura e a escritura sexan proceso máis colectivos para vostede?

A min gústame escribir soa, pero non entendo a escritura en solitario. Medramos coa escrita das compañeiras. Cada persoa ten a súa voz, pero a miña voz multiplícase coa voz das compañeiras, é algo que teño moi claro e do que non podería prescindir. Para min é un privilexio formar parte deste colectivo. E se non estivese este colectivo, pois inventaría outro, pero tería que formar parte dun grupo de escrita como lugar seguro. Onde non hai unha máis importante ca outra, ningún texto mellor ca outro. É dicir, onde todo é posible porque todo está escrito dende a escrita activa e o respecto fondo. Dende aí sempre podemos medrar como lectoras e escritoras.

Como recibiu ser finalista nos Premios Follas Novas?

Eu xa gañei, para min ser finalista dos Follas Novas é un motivo de de ledicia e de orgullo. Non agardaba isto para nada, chegou a nova a través das comadres e púxenme moi contenta, pero son consciente de que hai outros poemarios que poderían estar nesa final. Estamos Marta Dacosta, Tamara Andrés e mais eu e é estupendo compartilo con elas, pero poderían estar outras tres persoas. Para min isto é unha oportunidade para desfrutar e pasalo ben coas compañeiras.